

BASES

PRIMEIRA. O concurso desenvólvese do día 12 de maio de 2020 ao 16 de maio de 2020.

SEGUNDA. Para participar terase que presentar un debuxo que reflecta a relación co fragmento dun dos 3 textos adxuntos.

TERCEIRA. Poden participar todas as nenas e nenos de 6 a 11 anos de idade, nas seguintes categorías:

SALTIMBANQUIS 

- Categoría única.- Idades de 6 a 8 anos (1º a 3º de educación primaria)

ANDAINA 

- Categoría única.- Idades de 9 a 11 anos (4º a 6º de educación primaria)

CUARTA. Só enviarase 1 debuxo por cada neno ou nena.

QUINTA. Os debuxos deberán enviarse á seguinte dirección de correo; cxabeiro@cxabeiro.org,

indicando os seguintes datos:

1. Letra do texto ao que corresponde o debuxo. (cada texto ten asignada unha letra en maiúscula)
2. Nome completo da nena ou neno.
3. Idade-curso
4. Teléfono de contacto.

Non se considerarán os traballos que non reúnan estes requisitos.

SEXTA. Á hora de enviar os debuxos, estes poderán escanarse ou ben sacarlles unha fotografía.

SEPTIMA. De cada categoría elixírase o primeiro e segundo lugar. O xurado estará integrado polos membros da Xunta Directiva da Asociación Centro Xuvenil Abeiro. O seu fallo será inapelable.

OITAVA. O resultado do concurso darase a coñecer o 17 de maio do 2020 por medio da páxina web da Asociación Centro Xuvenil Abeiro, e unha persoa responsable do Centro poñerase en contacto con aqueles/as participantes que resultasen premiados.

TEXTOS

A

A CASA ENCANTADA DE PORTOCELO

(ANTONIO REGOISA)

En Portocelo, Xove (Lugo), hai un edificio de pedra construído no século XVIII ou XIX, de muros grosos, cuberta a catro augas e espléndidas vistas ó mar. Nin o actual propietario, nin os seus devanceiros inmediatos, viviron nela. E mesmo contan que o que a fixo era un tipo raro. Na casa pasaron e aínda pasan cousas raras. Unha vez que durmiron nela unha cuadrilla de homes, amenceron ó día seguinte coas cabezas postas no lado contrario do que se deitaran e cos cordóns dos zapatos amarrados ós do que tiñan ó lado. Teñen metido burros a durmir nela e pola mañá amencen cubertos de suor, unha pinga en cada pelo. Non hai moito tempo un home de Viveiro quedara antes do amencer diante da casa co dono para andar ó calamar; e viu como a cadea da leña estaba atravesada de parte a parte da estrada. Máis sorprendido quedou o dono da casa cando llo contou; había moito tempo que non se andaba coa tal cadea. E tamén hai pouco meteron na casa patacas da semente de tamaño normal pero ó día seguinte aquelas patacas mermaran ata o tamaño dun ovo de pomba. Seguro que hai máis rarezas desta casa que non coñecemos, pero agardámolas.

B

A CASA MÁIS GRANDE DO MUNDO

Leo Lionni (ilustración)Xosé Manuel González Barreiro (traducción)

Unha familia de caracois vivía nunha xugosa col. Coa casa ás costas, percorrían lentamente na procura dalgunha herba tenra para roer. Un día, un pequeno caracol díxolle ao seu pai: “Cando sexa grande, quero ter a casa máis grande do mundo.”

“Iso é unha parvada,” respondeu o pai, que resultou ser o caracol máis prudente de todos. “As cousas grandes non sempre son as mellores.” E contoulle esta historia...

C

O MEU BARCO

(Manuel María)

Navegarei por mil ríos
Sete mares hei cruzar
No meu barco de xoguete
Cansarei de viaxar!
No meu barco de xoguete, mariñeiro e capitán..!
Non teño medo ó trebón
Nin me asusta o furacán!